

Ferrol-O Chamorro

Arciprestado creado en febreiro de 1968, momento en que a diocese quedou dividida en 32 unidades territoriais. O arciprestado de Ferrol-O Chamorro, un dos tres nos que se partillou o ata daquela único arciprestado de Ferrol, comprendía as parroquias rurais daquel concello.

Coa reestruturación do espazo diocesano levada a cabo en 1988, que supuxo a desaparición dun dos arciprestados demarcados vinte anos antes sobre o territorio do concello de Ferrol, este arciprestado pasou a abranguer 13 parroquias, das que só unha, Narón (Santa Icía), se localizaba fóra dos límites municipais de Ferrol.

Extinguiuse en xuño de 2006. O seu territorio foi absorbido polo arciprestado de Ferrol, creado nesa mesma data.